

Francisco Gárate, o segundo de sete fillos, naceu nunha modesta familia de labregos o 3 de febreiro de 1857 nun casarío dos arredores de Azpeitia, moi preto da casa torre de Layóla. Á idade de 14 anos trasladouse ao colexio de Nuestra Señora de la Antigua, en Orduña para traballar nel como criado.

En 1874 entrou no Noviciado que os xesuítas españois, entón expulsados de España, tiñan en Poyanne, sur de Francia. O 2 de febreiro de 1876 fixo os seus primeiros votos relixiosos e en 1877 foi destinado como enfermeiro ao colexio do Apóstolo Santiago na Guarda (Pontevedra). Alí permaneceu por espazo de dez anos atendendo á saúde dos rapaces e ocupándose da sancristía. A súa entrega e cariño polos enfermos granxeáronlle moi pronto a admiración de todos.

Pronunciados os seus últimos votos o 15 de agosto de 1887, o Irmán Gárate foi destinado a Deusto (Bilbao) en 1888 para ser porteiro do Colexio de Estudos Superiores ou Universidade. Neste cargo permaneceu ata a súa morte o 9 de setembro de 1929.

O Pai Xeral Wlodimir Ledóchowski, esbozando o que caracterizaba este Irmán, puxo de relevo o que impresionaba a cantos trataban con el: "Admirable discreción posta a dura proba por máis de 41 anos de servizo nunha portaría moi frecuentada por persoas de toda idade e condición; humildade adornada de encantadora sinxeleza; caridade que, como dotada dun instinto espiritual, adiviña e prevén o servizo oportuno... ". Con estas modalidades vivía o Irmán Gárate o seu "terrible cotián": coa mesma delicadeza e co mesmo servidume recibía os pobres mesterosos e os ricos; coa mesma cordialidade trataba a uns e outros; con entrega constante e sen se lamentar subía e baixaba as escaleiras do grande edificio da Universidade para levar encargos aos Pais e Profesores e chamar a alumnos. Un dos que o coñeceron dinos como o viu, apreciou e amou: "Para todos tiña o Irmán unha palabra oportuna, un xesto, un sorriso, unha solución caritativa; sempre aberto, acolledor, benévolo, obsequioso con todos. Pero sempre tamén con sinxeleza e naturalidade; nada de maneiras artificiais, e moito menos aínda credulidade inxenua e santa. Intuíano perfectamente os mozos, cando dicían do porteiro de Deusto: "O Irmán Finuras é un santazo, pero é tamén... un vivo".